



## COMERCIALIZACIÓN E MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS E EQUIPOS BASEADOS NESES GASES

### Normativa

A norma de referencia é o *Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan* (BOE núm. 154, do 25/06/2010 e **correccións de erros** no BOE núm. 211, do 31/08/2010 e BOE núm. 108, do 06/05/2011).

En Galicia, as competencias relacionadas co RD 795/2010 distribuíronse mediante o *Decreto 100/2011, do 19 de maio, polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles* (DOG núm. 105, de 01/06/2011).

### Certificados persoais e certificados de empresa

#### 1. Certificados persoais

As consellerías competentes para expedir estes certificados son as seguintes:

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Servizo de Xestión dá Formación Profesional  
Tfnos.: 881 997 408, 881 997 095  
<http://www.edu.xunta.es/fp/carnes-profesionais>
- Consellería de Traballo e Benestar - Instituto Galego das Cualificacións  
Tfnos.: 981 546 851, 981 546 845  
<http://traballo.xunta.es/portada-gases-fluorados>

O anexo VI do Real decreto 795/2010 recolle os seis tipos de certificados persoais que existen e as distintas vías das que dispoñemos para obtelos (a corrección de erros do real decreto de data 06/05/2011 afecta ás vías de obtención dalgúns certificados).

Os seis certificados persoais son os seguintes:

1. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de equipos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
2. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de equipos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a 3 kg de gases fluorados.



3. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos.
4. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de equipos de protección contra incendios que empreguen gases fluorados como axente extintor.
5. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de disolventes que conteñan gases fluorados e equipos que os empregan.
6. Certificado acreditativo da competencia para a recuperación de hexafluoruro de xofre de equipos de conmutación de alta tensión.

A posesión de determinados carnés profesionais dá dereito á obtención directa do certificado persoal 1 ou do certificado persoal 2. A Consellería de Educación enviará de oficio (sen que sexa necesario solicitalo) o certificado ás persoas titulares dos devanditos carnés profesionais.

## 2. Certificados de empresa

A consellería competente para expedir estes certificados é a Consellería de Economía e Industria.

Deben obtelos as empresas que realicen actividades de instalación, mantemento ou revisión de **equipos fixos de refrixeración, aire acondicionado e bombas de calor** ou de **sistemas fixos de protección contra incendios e extintores** que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro.

Distinguimos dous tipos:

1. O Regulamento (CE) n.º 303/2008 da Comisión Europea establece a obriga de que as empresas que realicen as actividades de instalación, mantemento ou revisión de **equipos fixos de refrixeración, aire acondicionado e bombas de calor** que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro deban obter un certificado de empresa para poder desenvolver a súa actividade.

Haberá dous certificados diferentes:

- Equipos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Equipos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a 3 kg de gases fluorados.

2. O Regulamento (CE) n.º 304/2008 da Comisión Europea establece a obriga de que as empresas que realicen as actividades de instalación, mantemento ou revisión de **sistemas fixos de protección contra incendios e extintores** que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro deban obter un certificado de empresa para poder desenvolver a súa actividade.

Ademais, o Real decreto 795/2010 prevé que as empresas fabricantes ou recargadoras de equipos de extinción de incendios baseados en halóns estean especificamente autorizadas



para operar con ese gas e unicamente estas empresas poidan realizar as operacións de produción ou reparación dos recipientes ou compoñentes que conteñan ou se deseñasen para conter o devandito axente extintor, incluída a carga e recuperación do gas.

Para obter os certificados as empresas deben cumprir o seguinte:

- a) Empregar persoal en posesión do certificado persoal previsto no Real decreto 795/2010 ou emitido por calquera outro país da Unión Europea para as actividades que requiran certificación e en número abondo para abranguer o volume previsto de actividades.
- b) Que a empresa estea debidamente habilitada para exercer a súa actividade no marco dalgún dos regulamentos seguintes:
  - Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios  
(Empresa instaladora de instalacións térmicas / Empresa mantedora de instalacións térmicas / Empresa instaladora de climatización / Empresa mantedora de climatización)
  - Regulamento de Instalacións Frigoríficas  
(Empresa instaladora frigorista / Empresa conservadora-reparadora frigorista/ Empresa frigorista de nivel 1 / Empresa frigorista de nivel 2)
  - Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios  
(Empresa instaladora de protección contra incendios / Empresa mantedora de protección contra incendios)

No enlace seguinte pódense consultar as empresas habilitadas para as distintas especialidades:

<http://oficinavirtualindustria.xunta.es/BuscadorEmpresas.aspx>

Dende o 01/01/2012, o rexistro das empresas nas diferentes especialidades debe facerse a través da oficina virtual de industria:

<http://oficinavirtualindustria.xunta.es>

As empresas que non realicen actividades de instalación, mantemento ou revisión de **equipos fixos de refrixeración, aire acondicionado e bombas de calor** ou de **sistemas fixos de protección contra incendios e extintores** que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro necesitan unicamente que o persoal estea certificado, pero non deben obter ningún certificado de empresa.

Estariamos a falar de empresas que non realizan unha actividade enmarcada dentro do Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios, do Regulamento de Instalacións Frigoríficas ou do Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.



Exemplos: Talleres de reparación de vehículos, empresas dedicadas ao mantemento de sistemas frigoríficos móbiles non regulados nos regulamentos anteriores, etc.

## **Autorización de distribuidores de halóns**

A consellería competente para emitir esta autorización é a Consellería de Economía e Industria.

De acordo co previsto no artigo 13.1 do Regulamento (CE) n.º 1005/2009, os distribuidores de halóns deberán ser especificamente autorizados polo órgano competente da súa comunidade autónoma para introducir halóns no mercado para o seu emprego nos usos críticos enumerados no anexo VI do citado regulamento.

Por outra parte, os distribuidores de halóns deben cumprir as obrigas establecidas no mencionado regulamento, así como as recollidas nos artigos 9 e 10 do RD 795/2010, do 16 de xuño, entre as cales se encontran as de introducir halóns no mercado unicamente para o seu emprego nos usos críticos enumerados no anexo VI do citado regulamento e as de ceder ou vender unicamente a fabricantes ou recargadores de equipos de protección contra incendios especificamente autorizados para ese gas.